



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n° 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

ANUNCIO

Na Xunta de Goberno Local, en data 5-xullo-2021 acordouse a aprobación das bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio Rural (Aprol Rural), para a contratación dun traballador desempleado, peón/peoa forestal.

Primeiro.- Realizar a oferta de emprego a través do Servizo Público de Emprego para a contratación dous peóns forestais.

- Tipo de contrato: obra ou servizo de duración determinada.
- Xornada completa.
- Duración: 9 meses.
- Salario bruto mensual: - Un Peón Forestal: 1.108,33 euros /mes, por todos os conceptos incluídas pagas extra.

Segundo.- A selección do persoal realizarase co seguinte procedemento:

O Servizo Público de emprego deberá remitir un mínimo de 1 candidato por posto e un máximo de 10.

A Comisión de selección terá a seguinte composición:

- Presidente.....: D. Jesús José Reboredo González, Administrativo.
- Vocal.....: D^a Paz Gutierrez Abella, Traballadora social.
- Vocal.....: D. Nieves González Mujico, Educadora familiar.
- Vocal.....: Ana Pájaro Fernández, Axente de desenvolvemento local.
- Secretario.....: D. José Ramón Casal Orza, auxiliar administrativo.

Polo Sr. Alcalde poderán determinaranse os suplentes que reúnan os requisitos necesarios para a formación do tribunal.

A Comisión valorará, mediante entrevista, os méritos aducidos polos aspirantes remitidos previamente pola Oficina de Emprego en base ós seguintes criterios preferentes establecidos na orde de do 12 de abril de 2021 da Consellería Emprego e Igualdade, pola que establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural.

- a) Pola condición de ser muller 3 puntos
- b) Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero 3 puntos
- c) Menores de trinta anos 3 puntos
- d) Menores de trinta anos demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional 3 puntos.
- e) Persoas paradas de longa duración (máis dun ano) 3 puntos
- f) Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% 3 puntos
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito 3 puntos
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos 3 puntos
- i) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios da renda de integración social de Galicia 3 puntos
- j) Menor nivel de protección por desemprego, ata un máximo de 3 puntos, coa seguinte gradación:
 - Perceptores da prestación contributiva por desemprego, por importe igual ou superior a 527,24 euros, 1 punto.
 - Perceptores de subsidios por desemprego, maiores de 52 anos 1,5 puntos.
 - Perceptores de subsidios por desemprego e axudas SED e RAI, por importe igual a



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

451,92 euros..... 2 puntos.

Perceptores de subsidios por desemprego parciais 3 puntos.

k) Existencia de responsabilidades familiares (entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate: o cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento), ata un máximo de 3 puntos, coa seguinte gradación:

Cónxuxe0,5 puntos

Parella de feito0,5 “

Por cada fillo ou filla menores de 26 anos ou maiores con discapacidade.....0,5 “

Por cada persoas maior incapacitada0,5 “

Por cada menor en acollemento0,5 “

l) Titulación, formación e coñecementos xustificados en relación coa ocupación que se oferta (segundo a acreditación que figura no currículo enviando pola Oficina de Emprego), ata 3 puntos, coa seguinte gradación:

- Por titulación profesional adaptada ao posto que se oferta: 1,5 puntos.

- Por xornadas, cursos e diplomas de menos de 10 horas: 0,25 punto cada un deles.

- Por xornadas, cursos e diplomas de 10 a 50 horas: 0,5 puntos cada un deles.

- Por xornadas, cursos e diplomas de máis de 50 horas: 1 punto cada un deles.

m) Interese e dispoñibilidade, ata 2 puntos, coa seguinte gradación:

- Está interesado, o posto adáptase ao seu perfil profesional e ten plena dispoñibilidade: 2 puntos.

- O posto non se adapta ao seu perfil profesional, pero ten dispoñibilidade: 1 puntos.

- O posto non se adapta ao seu perfil e ten dispoñibilidade limitada: 0,5 puntos.

En ningún caso se admitirá como criterio de selección a posesión de experiencia laboral, e non poderán ser contratados aqueles traballadores/as que houberen sido contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo a axudas concedidas pola consellería de Emprego e Igualdade. Para a acreditación dos criterios de selección admitirase calquera proba que sexa válida en dereito.

O resultado da selección deberá ser notificado á correspondente oficina de emprego segundo as disposicións legais vixentes.

Darase conta á Xunta de Goberno Local dos contratos que se realicen de conformidade cos criterios establecidos no presente acordo, entendéndose cumprido o requisito coa aprobación da primeira nómina dos traballadores contratados . Os contratos serán asinados polo Sr. Alcalde conforme a proposta da Comisión.

Touro, 6 de xullo de 2021.

